

Recensións
Reviews

CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús (2019): *Fraseología bíblica. Su reflejo en el refranero español*, en CASES BERBEL, Elke e BÉRCHEZ CASTAÑO, Esteban (eds.). Madrid: Centro Virtual Cervantes (Instituto Cervantes). Biblioteca fraseológica y paremiológica, serie «Repertorios», n.º 4. ISBN: 978-84-09-13106-8; 334 páx.¹



De gran utilidade para os investigadores en unidades lingüísticas estables é a *Biblioteca fraseológica y paremiológica* publicada na páxina web de acceso aberto do Centro Virtual Cervantes (Instituto Cervantes, https://cvc.cervantes.es/lengua/biblioteca_fraseologica). Dixirida por M.^a I. Teresa Zurdo Ruiz-Ayúcar e Julia Sevilla Muñoz, está estruturada en catro series (monografías, mínimo paremiolóxico, repertorios e didáctica), o que permite abranguer un amplo abano de temas. Ademais, na sección “Documentos”, danse a coñecer obras publicadas noutras editoriais. Deste modo, pódese consultar a obra *Refranes, otras paremias y fraseologismos en Don Quijote de La Mancha*, publicada por Wolfgang Mieder nos suplementos da revista

Proverbium (n.º 44, University of Vermont) e elaborada por Jesús Cantera Ortiz de Urbina, Julia Sevilla Muñoz e Manuel Sevilla Muñoz.

O libro que nos ocupa aparece na serie “Repertorios”. Contén un traballo inédito do polifacético filólogo Jesús Cantera Ortiz de Urbina (1923-2017), quen adicou gran parte da súa actividade investigadora ás unidades fraseolóxicas, de modo que as súas publicacións contribuíron a dar pulo á fraseoloxía e á paremioloxía. Na revista *Paremia* (<https://cvc.cervantes.es/lengua/paremia>) e nesta *Biblioteca fraseológica y paremiológica* pódense atopar algúns dos seus magníficos estudos sobre as paremias latinas, sefardís, españolas e francesas, así como os seus traballos comparados entre varias linguas. Na serie “Repertorios”, o n.º 1 corresponde a *Las paremias castellanas en el Seniloquium*, obra realizada en colaboración con Julia Sevilla Muñoz; o n.º 3 contén os *Refranes que dizen las viejas tras el fuego. Los refranes recopilados por el Marqués de Santillana*,

¹ Tradución ao galego por Alba Quinteiros-Soliño.

tamén en colaboración con Julia Sevilla. Cabe engadir os repertorios publicados na Editorial AKAL sobre paremias latinas, españolas e sefardís.

O libro *Fraseología bíblica* complementa as publicacións anteriores de Jesús Cantera, ao tempo que enche unha lagoa no eido da fraseoloxía e a paremioloxía. As unidades fraseolóxicas de orixe bíblica sempre estiveron presentes nos seus traballos, mais faltaba abordar o seu estudo. Fíxoo na última etapa da súa vida. Nesta obra queda reflectida a madureza intelectual alcanzada polo autor, onde se proporciona un dos últimos traballos de Cantera Ortiz de Urbina de índole fraseolóxica e paremiográfica. Nesta ocasión, a temática está adicada ás unidades fraseolóxicas en español de orixe bíblica e ás citas bíblicas que deron orixe ás unidades fraseolóxicas. O obxectivo que persegue Cantera con este traballo consiste en resaltar a riqueza fraseolóxica e paremiolóxica dunha das obras máis difundidas e traducidas ao longo da historia. Por iso, este traballo espertará o interese dun elevado número de investigadores, non só fraseólogos e paremiólogos, mais tamén de especialistas doutros campos do saber.

A presentación do material recompilado supón todo un acerto para o estudoso destas unidades fraseolóxicas, pois Cantera opta por combinar dous criterios para agrupar as unidades fraseolóxicas: o ideolóxico e o léxico. En ocasións, unha mesma unidade atópase no repertorio tendo en conta ambos os conceptos, polo que o autor establece un sistema de reenvío:

OÍDOS

Boca tienen pero no hablan. Ojos tienen pero no ven. Oídos tienen, pero no oyen. Véase en ÍDOLOS.

OLIVO

Tu mujer será como vid fructífera en los lados de la casa; tus hijos, como renuevos de olivo alrededor de la mesa. Véase en FAMILIA.

Cada entrada iníciase coa forma española acompañada da súa forma latina e a referencia bíblica. A estes datos adóitaselles engadir outras referencias bíblicas coas que garda unha relación temática a unidade fraseolóxica en cuestión, como se pode apreciar neste exemplo:

La piedra que desecharon los constructores se ha convertido en piedra angular
[Lapidem quem reprobaverunt aedificantes, hic factus est in caput anguli] (*Salmos* 117/118, 22).

Procede recordar: *San Mateo* 21, 42. *San Marcos* 12, 10. *San Lucas* 20, 17. *Hechos* 4, 11. *1 Pedro* 2, 7, con las mismas palabras.

Isaías 28, 16: «Una piedra angular de perfecta estructura y firmemente asentada».

Como explica o propio Cantera na introdución, «dada la gran influencia que durante siglos ha ejercido la versión latina de la Vulgata en la formación y en la fijación de la fraseología bíblica española, acompañamos cada una de las frases o expresiones que

encabeza una entrada con su correspondencia latina, según este texto de la Vulgata». Ademais do exemplo que incluímos, mencionamos os seguintes: *Yo soy el buen pastor* [Ego sum pastor bonus] (*San Juan* 10,11), *No solo de pan vive el hombre* [Non in solo pane vivit homo] (*Deuteronomio* 8,3), *La ociosidad entraña mucho mal* [Multam (...) malitiam docuit otiositas] (*Eclesiástico* 33, 29/28). Resulta importante a inclusión desta información en latín, porque, deste modo, esta obra adquire un relevante valor para os latinistas interesados na fraseoloxía.

Outros contidos aumentan, se cabe, o valor deste libro. Referímonos, por un lado, aos breves comentarios que seguen, en ocasións, ás unidades fraseolóxicas e, polo outro, á selección de refráns españois de temática similar rexistrados por Gonzalo Correas no seu *Vocabulario de refranes y frases proverbiales* (1627) ou mencionados por Luis Martínez Kleiser no seu *Refranero general ideológico español* (1953). A continuación, amosamos un exemplo:

El perezoso esconde su mano bajo el sobaco; y ni siquiera a su boca se la lleva [Abscondit piger manum suam sub ascella; nec ad os suum applicat eam] (*Proverbios* 19, 24 y 26 15).

Se dice para referirse al colmo de la vagancia diciendo que el perezoso es capaz de no mover la mano ni siquiera para llevarse la comida a la boca. [...] Entre las muy numerosas paremias españolas que, en general con cierta ironía, [...] se hace alusión a la negligencia del perezoso para llevarse la comida a la boca, cabe recordar las siguientes: a. «Pereza, ¿quieres gachas? –Sí, porque no hay que mascarlas» (*M.Kl.* 49734). b. «Pereza ¿quieres sopas? –¡Tendría que abrir la boca!» (*M.Kl.* 40740). c. «Sopa, cáeme en la boca» (*M.Kl.* 40750). d. «Breva que para mí ha de ser, en la boca me ha de caer» (*M.Kl.* 40751).

O libro enriquecese cun apéndice que contén a relación de todas as citas bíblicas comentadas por orde de aparición nos distintos libros da Biblia e acompañadas do concepto no que se atopa cada cita.

Entre as numerosas unidades fraseolóxicas recompiladas, cabe mencionar: «Polvo eres, y en polvo te convertirás» (*Génesis* 3, 19), «De una simple centella se acrecienta el fuego» (*Eclesiástico* 13,1), «Por sus frutos los conoceréis» (*San Mateo* 7, 16), «Ves la paja en el ojo de tu hermano y no ves la viga en el tuyo» (*San Mateo* 7, 3), «El que busca, halla» (*San Mateo* 7, 7), «No echan vino nuevo en odres viejos» (*San Mateo* 9, 17), «Muchos son los llamados y pocos los escogidos» (*San Mateo* 20, 16) «La paciencia consigue obra perfecta» (*Santiago*, 1, 4). O voluminoso material recompilado supón unha importante achega para a investigación fraseolóxica e paremiolóxica en xeral, para a investigación comparada ou para a realizada dende unha perspectiva diacrónica.

Outro mérito do traballo que estamos recensionando radica no feito de que se trata dunha versión realizada por Cantera sen cambios, isto é, non sufriu unha actualización nin unha reestruturación, pois simplemente foi revisada pola lingüista Elke Cases e polo latinista Esteban Bérchez, para o que contaron coa colaboración de especialistas en grego clásico

(Fernando García Romero), árabe (Ahmed-Ould Mohamed Baba), arameo e hebreo (Amparo Alba Cecilia), ademais da colaboración de Enrique Cantera Montenegro, quen prologou esta valiosa obra e facilitou a súa publicación. Estamos, polo tanto, ante un loable labor de recuperación de obras inéditas de grandes mestres como Cantera Ortiz de Urbina. Todo isto permitiu ofrecer unha moderna ferramenta de gran utilidade para os investigadores en fraseoloxía e paremioloxía, sexan noveis ou experimentados.

Estamos, en definitiva, ante unha publicación que axudará a localizar as unidades fraseolóxicas españolas de orixe bíblica, ao tempo que servirá, sen dúbida ningunha, de punto de partida e de obra de referencia para numerosas investigacións sobre as expresións e as paremias en español.

Kerstin Schwandtner

Universidad Complutense de Madrid
<https://orcid.org/0000-0002-6513-3803>